Nota de Prensa

NOVIDADE EDITORIAL

9 788418 567209

EDITORA alvarellos

Nova impresión, con papel «de época», da primeira edición de *En las orillas del Sar* (1884)

Catro anos despois da publicación facsimilar do derradeiro libro de Rosalía de Castro, lanzamos en Alvarellos Editora unha nova impresión, cun papel especial, que reproduce o máis fiel posible o aspecto da edición orixinal da autora, publicada en Madrid en 1884.



FICHA TÉCNICA: 184 pp . 14'5 x 21'5 cms.
ISBN: 978-84-18567-20-9 PVP: 18,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO 2026.- Catro anos despois da primeira edición facsimilar de *En las orillas del Sar,* a derradeira obra de Rosalía de Castro, publicamos en Alvarellos Editora en 2022, presentamos **unha nova impresión cun papel especial «de época», que reproduce o máis fielmente posible o aspecto e textura da edición orixinal** que Rosalía publicou en Madrid en 1884, un ano antes do seu falecemento.

En las orillas del Sar está considerado como a cima da poesía española do XIX. Como sinala no Limiar a especialista **María do Cebreiro Rábade Villar**, **«emerxe ante nós unha das primeiras poetas ecoloxistas de Europa»**, cun río como protagonista do libro, o Sar, e a defensa dos carballos do Bosque do Banquete de Conxo, un espazo natural ao sur da cidade de Santiago, aberto ao público desde 2018.

Para María do Cebreiro, **«esta edición facsimilar ten a potencia de devolverlle á autora a súa soberanía»**, pois edicións posteriores á súa morte sufriron cambios sobre todo na estrutura dos poemas.

En las orillas del Sar anticipa a chegada da poesía moderna á Literatura española. Composto en versos libres, é profundamente existencial, **fusiona a defensa da paisaxe galega cunha voz poética interior chea de personalidade**, **intensa, libre, desesperada** en ocasións (pois a enfermidade que acabaría coa súa vida ao ano seguinte, avanzaba), esperanzadora noutras... e rebelde sempre.

O crítico e poeta da Generación de 1927 **Dámaso Alonso** considerou a Rosalía de Castro como unha das cimas da lírica moderna, **«la poeta más personal de todo el siglo XIX español»**. Con este libro, *En las orillas del Sar*, Rosalía é, xunto con Gustavo Adolfo Bécquer, a fundadora da poesía española contemporánea. Ademais de ser a fundadora da literatura galega moderna.

CUBERTA EN PAPEL «FLORA AVORIO»

Esta nova edición está impresa en papel Flora Avorio para a capa e sobrecuberta, e Coral Book Ivory para o interior. O Flora Avorio é un papel parcialmente reciclado, suave ao tacto e con partículas visibles incrustadas na súa superficie, o que aporta un aspecto de papel antigo ou de época, moi acaído para a reprodución facsimilar desta obra orixinal de 1884.

A impresión levouse a cabo en Santiago de Compostela en Sacaúntos Cooperativa Gráfica.

Alvarellos Editora SL CIF B-70183082. Rúa de Sempre en Galiza, 4 (plaza interior) 15706 Santiago de Compostela.
Tel 981 522 137 - 609 90 88 52 - prensa@alvarelloseditora.gal - www.alvarelloseditora.gal